CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVII - Nº 198. Agosto 2022. Distribución gratuíta

Este venres e sábado celébrase o ‘Mercamelide na rúa’ en máis de vinte comercios locais

A Asociación de Empresarias e Empresarios da Terra de Melide, en colaboración co Concello do municipio, celebrará este venres 12 e sábado 13 de agosto o ‘Mercamelide na rúa’ en máis dunha vintena de comercios locais da vila con grandes descontos e diferentes artigos de tempadas anteriores. Este ano serán os establecementos os lugares escolmados para acoller estas xornadas de rebaixas especiais e nunhas datas nas que Melide se enche de turistas e visitantes. P3

EMPRESA
Unha clienta do comercio local melidá premiada nos Días Azuis P6

MELIDE
O Concello aproba en pleno os orzamentos e a nova RPT P13

LECER
O festival Galicia Ilusiona encherá Melide de maxia durante as Festas do San Roque P19

ENTREVISTA

Ramón Vidal, Librería Cousas P23

“Creamos as mellores viaxes para a clientela”

Entrevista con Rocío Barreiro, responsable de Zafiro Tours, sobre a situación do sector das axencias de viaxes, os destinos escolmados pola veciñanza para as súas vacacións, entre outros temas. P4

Melide acolle o obradoiro “Natureza no Camiño”

O obradoiro ‘Natureza no Camiño de Santiago’ formará a alumnado de Melide, Toques, Santiso e Arzúa en reforestación e tratamentos silvícolas. Nesta formación participarán vinte persoas desempregadas. P12

Editorial

Territorio feito cinzas

Lume na aldea de Riodolas en Carballeda de Valdeorras. / Foto: Brais Lorenzo

Unha das palabras que cada ano se repite, por desgraza, continuamente na sociedade galega é incendio. Unha desas verbas que con só oílas xa se nos pon a pel de galiña. A nosa cultura tivo dende os primeiros tempos unha relación moi estreita co lume, forma parte do noso ser.

Nos últimos anos sufrimos diversas vagas de incendios que sacaron a relucir a grave problemática existente nos nosos montes. Por unha banda, está a non limpeza do terreo, o seu abandono. Na lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, recóllese a obrigatoriedade de limpar as nosas parcelas, porén a veciñanza pode comprobar que son moitos os casos nos que esta norma non se cumpre. Pola outra banda, a excesiva plantación de especies foráneas como o eucalipto que arden e propagan o lume con gran facilidade non axuda en absoluto. Non obstante, xa se sabe que cando os intereses económicos entran por unha porta algúns principios saen pola ventá. Pódense sinalar outras causas como o cambio climático ou a mal intencionalidade do ser humano, causante en 2016 do 95% dos incendios forestais segundo o Ministerio de Agricultura.

O lume chega a crear fortes sentimentos de impotencia, desesperación e desolación por culpa da nosa indefensión individual ante el. Cando as lapas petan as portas dunha vivenda, duns terreos ou instalacións que son o teu medio de vida ou, simplemente, a ese monte que ves todos os días ao erguerte dá a sensación de que o mundo se desfai aos poucos. Na película 'O que arde' de Oliver Laxe as emocións que sofre a veciñanza nestas dramáticas circunstancias traspasan a pantalla, unha desas escenas que nunca esqueces é a dun veciño diante da súa casa cunha mangueira na man esperando poder salvar o seu fogar das lapas, mentres tanto un membro da brigada intenta convencelo de marchar para poñelo a salvo.

No que vai de ano, en Galicia arderon máis de 32.000 hectáreas e varias decenas de casas. Logo deste panorama desolador os rexedores públicos seguen sen poñer solucións nin tampouco asumir responsabilidades. Necesitamos accións que poñan solución a esta situación e xa imos tarde.

Tribuna de opinión

Cotización e rendemento

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Varias mans de traballadores facendo un engrenaxe. / Foto de arquivo

O Goberno do Estado vén de aprobar o novo sistema de cotización dos traballadores autónomos que se rexerá en función dos rendementos anuais obtidos no exercicio das súas actividades laborais. Unha boa e xusta medida, especialmente, para eses autónomos e autónomas que menos beneficios acadan cada mes e que se ven, en moitas ocasións, con apuro para pagar a súa cota establecida.

A maiores, neste Real Decreto hai novos cambios con respecto á protección por cese de actividade e ampliáronse os mecanismos para situacións extraordinarias. No caso do cese de actividade, non obrigará -por primeira vez- aos traballadores e traballadoras por conta allea a pechar o seu negocio para poder desfrutar da prestación. Auméntanse dous novos supostos de cese de actividade por motivos económicos, permitindo que os autónomos ou autónomas con ou sen cadro de persoal poidan acceder ao cese se teñen débedas ou teñen que reducir a xornada de traballo dos seus empregados.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia, Abeancos, IES de Melide e Vanesa de Quinzán
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....19
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

Este venres e sábado celébrase o 'Mercamelide na rúa' en máis dunha vintena de comercio locais da vila con grandes descontos

Rodrigo Fernández con outros asistentes á asemblea da entidade. / Foto: Cerne

A Asociación de Empresarias e Empresarios da Terra de Melide, en colaboración co Concello do municipio, celebrará este venres 12 e sábado 13 de agosto o 'Mercamelide na rúa' en máis dunha vintena de comercios locais da vila con grandes descontos e diferentes artigos de tempadas anteriores.

Os tempos cambian e na entidade empresarial procuran adaptarse a eles, por este motivo a iniciativa do Mercamelide de verán non se vai realizar da maneira tradicional, no Cantón de San Roque, senón que serán as tendas os lugares escolmados para acoller esta campaña de oportunidades. Esta decisión tomouse logo dunha consulta entre os socios e socias de ASETEM - CCA e os establecementos que non sendo socios participan habitualmente no Mercamelide, na que se decidiu mudar a localización da edición de verán.

Neste 'Mercamelide na rúa' participan 22 comercios de proximidade de diversos sectores que son: Noguerol Cociña e Baño, Toysmaniatic Melide, Pequeniños Zapatería Infantil, Mis Mejores Labores, Flor de Toxo, Perfumería Lyss, Stardemoda, Sueños Moda Infantil, Colorín Colorado, Romero Zapaterías, Tu Boutik, Modas Alfonso, Calzados Broz, Electrosan, Mercería Marvi, Shako Moda, Creacións MJ, M&M, Vilela, Diva Pro, Sisuka e Magnin.

Entre estes establecementos hai varios deles que non son asociados á entidade empresarial que organiza a iniciativa, dado que a directiva de ASETEM acordou que o 'Mercamelide na rúa' sería un proxecto aberto, ao igual que o era cando se celebraba no Cantón de San Roque, para que ao mesmo tempo teña o funcionamento de xornadas de portas abertas para aquelas tendas que non sexan socias poidan coñecer o funcionamento e traballo que realiza a asociación ao longo do ano para dinamizar e promover os negocios locais da comarca.

Durante os dous días que dura a campaña de oportunidades, o venres 12 e sábado 13, os comercios participantes terán nos seus locais descontos e rebaixas especiais en artigos e produtos en stock. O horario das tendas no 'Mercamelide na rúa' será o habitual de cada unha de mañá e tarde. Ademais, cada tenda adherida a esta iniciativa contará cunha decoración especial, unha alfombra de cor violeta na entrada e folletos informativos cun mapa onde estará marcados todos os negocios do 'Mercamelide na rúa' para que a veciñanza e visitantes poidan localizar con facilidade todos os comercios participantes.

Un ano máis, a asociación empresarial da comarca decide aproveitar as datas previas ás festas grandes do municipio, o San Roque, para celebrar o 'Mercamelide na rúa', dado que son xornadas nas que Melide se enche de visitantes e turistas para desfrutar do noso patrimonio e da nosa oferta cultural e de ocio. Ademais, como actividades complementarias a esta iniciativa comercial haberá diversas actuacións na vila a través do Verán Cultural, organizado polo Concello, que eses días ten na súa programación a actuación de Nino Costoya, guitarra acústica moderna fingerstyle percusiva, o sábado ás 22:00 na Praza do Convento.

Dende o equipo directivo de ASETEM - CCA fan fincapé nos tres obxectivos principais que ten o 'Mercamelide na rúa' que son: o gran motivo da celebración desta iniciativa é axudar e impulsar a venda daqueles produtos en stock que os establecementos de proximidade non conseguiron vender en tempada. Esta actividade nas rúas da vila tamén promove as compras no comercio local durante dous días nos que a localidade melidense aumenta substancialmente a súa poboación. Por último, e moi ligado co obxectivo citado anteriormente, favorecer que os turistas e visitantes teñan unha razón máis para achegarse ata o centro de Galicia e descubrir todas as opcións e recursos turísticos da comarca da Terra de Melide.

En definitiva, esta fin de semana o mellor plan está no municipio melidá co comercio local que nos dá unha nova oportunidade para mercar os mellores produtos e artigos de diversos sectores a prezos irresistibles no 'Mercamelide na rúa'.



LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

ZAFIRO TOURS, AXENCIA DE VIAXES

“Creamos as viaxes soñadas da nosa clientela a calquera parte do mundo”

- Este ano hai moita xente facendo viaxes.

- Rocío Barreiro: Si, nótase moito que vimos de pasar unha pandemia, polo que a xente pasou dous anos sen poder viaxar e agora ten moitas ganas de saír. De feito, cambiou un pouco a mentalidade da clientela porque logo da COVID-19 as persoas queren aproveitar o momento, non lles apetece esperar, queren facelo agora mentres poden. En definitiva, grazas á pandemia somos máis de facer plans a curto prazo porque se o deixamos para máis adiante non sabemos se o poderemos facer. A xente ten moitas ganas de desconectar e viaxar, xa sexan dous días, dez ou quince pero irse. Adáptanse as súas circunstancias, presuposto e gustos e dende aí planificamos a viaxe máis adecuada. O presuposto é un punto importante porque este ano as viaxes tiveron un encarecemento significativo, de entre un 10% e 15%, polo que se nota moito no prezo total. É de supoñer que o aumento dos prezos do combustible, de certos materiais e mercancías é o que máis fai incrementar os presupostos.

- Que é o que máis se encareceu nunha viaxe?

- (R.B): Sen dúbida o transporte, dado que os hoteis tamén subiron o prezo pero moito menos. No medio de transporte que máis se notou a suba é no avión. Hai períodos nos que os voos collidos con tres ou catro meses de antelación que en teoría deberían saír a bo prezo para o verán e xa estaban tirando a caros. É certo que os prezos dos billetes de avión van flutuando pero aínda así, agora mesmo, é difícil atopar bos prezos.

- Están afectando moito as folgas de certas aeroliñas?

- (R.B): Lamentablemente estamos todos os días con esa cruz, especialmente con Ryanair que é unha compañía coa que temos que operar porque é un dos poucos que voan directamente dende o aeroporto de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela). Para nós as cancelacións dos voos supoñen un traballo extra despois porque hai que facer as reclamacións pertinentes ás compañías. O noso obxectivo é que a clientela veña satisfeita da viaxe e as cancelacións dos voos empaña un pouco o resultado do noso traballo pero é algo co que nestes momentos hai que traballar.



Rocío Barreiro, xerente de Zafiro Tours en Melide durante a entrevista no seu negocio. / Foto: Cerne

- Cales son os destinos estrela deste verán?

- (R.B): Nós vendimos moito destinos nacionais como Menorca (nas Illas Baleares), Gran Canaria e o sur de Tenerife (nas Illas Canarias), pero no caso destas dúas últimas localizacións depende moito do prezo porque máis demanda ten Tenerife pero Gran Canaria é máis económica. Non obstante, nós temos a disposición da clientela todas as illas, o que pasa que dependendo do prezo hai lugares que se venden máis que outros. Logo, unha das comunidades autónomas que máis incrementou o seu prezo foi Andalucía , debido a que os hoteis desta zona subiron bastante as súas tarifas. En internacional, sobre todo en lúas de mel, os destinos estrela son Dubái, Maldivas, Bali, Sri Lanka, Estados Unidos, Exipto e Turquía, estes dous últimos son novas deste ano.

- Recuperáronse os niveis do 2019?

- (R.B): Recuperáronse e aumentáronse. Este ano no meu caso tiven clientela nova, é dicir, conservei os que xa tiña antes da pandemia e a maiores viñeron outros de Melide e vilas próximas que non viñera a axencia e incluso que non viaxaran nunca. Cambiounos un pouco a mentalidade de vivir e desfrutar o agora, non pensar no futuro.

- Que vantaxes ten contratar as túas viaxes nunha axencia?

- (R.B): O primeiro o tempo que aforras organizando e buscando todo o necesario para a túa viaxe podes gastalo en facer outra cousa que che apeteza máis. Na axencia dámosche un asesoramento personalizado, creamos a viaxe soñada a partir dos teus gustos, preferencias e presuposto. Despois, dende a chegada da pandemia nós estamos ao tanto de todo o papeleo e requisitos que se necesitan para viaxar a determinados países. Ademais, se tes calquera tipo de problema nós estamos aí para axudarche, non vas estar perdido sen saber que facer, por exemplo, no caso de cancelacións de voos nós encargámonos de todo. A clientela ten un número de teléfono de emerxencia ao que pode chamar a calquera hora do día para buscarlle solución aos problemas que poidan xurdir na viaxe. Contratando cunha axencia sempre tes un asesoramento personalizado detrás, tes outra seguridade. En definitiva, tes bos servizos, asesoramento e un trato próximo.

- Cales son os tipos de viaxes que organizades?

- (R.B): Todo tipo de viaxes e a calquera parte do mundo á que se poida acceder. Encargámonos de lúas de mel, viaxes con familias ou amigos, parellas e tamén para persoas solteiras -en grupo e a medida-. A maiores, se a clientela quere podemos organizar todo dende aquí -actividades, visitas,...- ou un estilo de viaxe máis libre, isto depende moito da idade da xente porque, normalmente, os máis novos prefiren levar poucas cousas atadas.

- Rexentar unha axencia de viaxes non ten que ser sinxelo.

- (R.B): Ao estar eu soa o máis complicado é levar a contabilidade e documentacións, de feito este ano co tema das cancelacións de voos estou bastante desbordada porque tes que tramitar todo o papeleo de cada cliente ou clienta. Logo estás ti soa tamén para atender todas as chamadas, facer os presupostos das viaxes, en definitiva tes a responsabilidade de todo. Ao finalizar a pandemia ao persoal das axencias de viaxe púxosenos unha tarefa extra que é a de mirar os requisitos que esixen en cada país por mor da COVID-19, tiñas que estar cada dous días mirando as normas de cada lugar. Isto foi un pouco o máis caótico dos últimos tempos.

- As folgas do persoal dalgunhas aeroliñas parece que vai para largo.

- (R.B): Efectivamente, os traballadores e traballadoras de Ryanair xa confirmaron que habería folgas ata xaneiro o que vai implicar cancelacións de voos tamén en aeroportos galegos. Nós dadas estas circunstancias intentaremos evitar Ryanair o máximo na medida do posible para que a nosa clientela non se vexa afectada pero claro, hai moitas ocasións nas que por combinación ou tipo de voo temos que collelo á forza porque a xente ten os días de vacacións que ten e tes que adaptarte. A maioría dos voos directos dende o aeroporto de Santiago de Compostela tenos Ryanair porque hai outras aeroliñas como Vueling que están aumentando a súa cobertura pero en menos días.

Os comercios de proximidade poderán participar da plataforma dixital de Correos

A Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés, nos que está o Concello de Melide, e Correos veñen de asinar en Sarria un convenio que permitirá que os comercios situados nesta ruta xacobea envíen os seus produtos a toda España e Portugal a través de internet.

Esta iniciativa, chamada Correos Market, xurdiu a raíz da pandemia e busca promocionar aos emprendedores e emprendedoras situados nas zonas rurais de toda España. O seu director, Iván Maroto, presentou xunto cos representantes dos Concellos da Mancomunidade e o seu presidente, Claudio Garrido, este novo modelo de negocio. O acordo acadado abrangue once localidades galegas do Camiño Francés: Arzúa, Melide, Monterroso, O Pino, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela.

A páxina web de Correos Market (market.correos.es) incluirá un apartado específico no que se poderán mercar os produtos dos establecementos adheridos ao acordo, ofrecéndolles así a posibilidade de que as persoas que pasaran polo Camiño Francés e os coñeceran poidan adquirir os seus produtos de maneira cómoda e rápida. Nesta web tamén aparece un mapa no que se sinalizan todos os puntos da península ibérica desde onde se venden diferentes tipos de produtos.

Iván Maroto, fixo fincapé en que esta iniciativa é "unha oportunidade para o tecido produtivo español e, en concreto, das zonas rurais para darse a coñecer sen ter que facer fronte a ningún tipo de comisións ou gastos de permanencia". Ademais, indicou que esta plataforma será "sinxela e intuitiva", coa finalidade de que os responsables dos comercios non teñan ningunha dificultade á hora de empregala.

O presidente da Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés, amouse ilusionado coa firma deste convenio dado que abre unha xanela para todos os negocios localizados nesta ruta do Camiño de Santiago e para que "os peregrinos poidan adquirir, por exemplo, produtos perecedoiros que coñecen grazas ao Camiño e que, de non ser por esta infraestrutura de envíos, non se poderían levar a casa". Unha nova oportunidade de dar a coñecer o comercio de proximidade e as súas posibilidades comerciais.

O representante do Concello de Melide neste organismo, o concelleiro de promoción económica, Xosé Igrexas, amosou a súa satisfacción con este convenio que pode chegar a ser moi beneficioso para os establecementos que decidan adherirse a este acordo e ampliar así o seu territorio de vendas a todo o Estado español e Portugal.

Xosé Igrexas e Iván Maroto, director de Correos Market. / Foto: MercaenMelide

Actualmente, Correos Market conta con máis de 1.400 vendedores de todo o Estado que ofrecen, a través de sete categorías diferentes -alimentación, bebidas, artesanía, moda, saúde e beleza, fogar e tecnoloxía- con arredor de 16.000 referencias de produtos que os usuarios e usuarias poden recibir no seu domicilio.

Dende a directiva de ASETEM - CCA manifestan que todo o que sexan novas iniciativas para promover e impulsar o comercio de proximidade, como é esta plataforma organizada dende Correos, é bo para o tecido económico dos municipios rurais como é o caso de Melide.

O Goberno aproba un novo sistema de cotización de autónomos

	TRAMO RENDIMIENTO NETO	AÑO 2023 BASE DE COTIZACIÓN	AÑO 2023 CUOTA	AÑO 2024 BASE DE COTIZACIÓN	AÑO 2024 CUOTA	AÑO 2025 BASE DE COTIZACIÓN	AÑO 2025 CUOTA
1	≤ 670 €	751,63	230	735,29	225	718,95	200
2	> 670 y ≤ 900 €	849,67	260	816,99	250	784,31	220
3	>900 y ≤ 1.125,9 €	898,69	275	872,55	267	849,67	260
4	> 1.125,9 y ≤ 1.300 €	950,98	291	950,98	291	947,71	290
5	> 1.300 y ≤ 1.500 €	960,78	294	960,78	294	960,78	294
6	> 1.500 y ≤ 1.700 €	960,78	294	960,78	294	960,78	294
7	> 1.700 y ≤ 1.850 €	1.013,07	310	1.045,75	320	1.143,79	350
8	> 1.850 y ≤ 2.030 €	1.029,41	315	1.062,09	325	1.209,15	370
9	> 2.030 y ≤ 2.330 €	1.045,75	320	1.078,43	330	1.274,51	390
10	> 2.330 y ≤ 2.760 €	1.078,43	330	1.111,11	340	1.356,21	415
11	> 2.760 y ≤ 3.190 €	1.143,79	350	1.176,47	360	1.437,91	440
12	> 3.190 y ≤ 3.620 €	1.209,15	370	1.241,83	380	1.519,61	465
13	> 3.620 y ≤ 4.050 €	1.274,51	390	1.307,19	400	1.601,31	490
14	> 4.050 y ≤ 6.000 €	1.372,55	420	1.454,25	445	1.732,03	530
15	> 6.000 €	1.633,99	500	1.732,03	530	1.928,10	590

Táboa co desglose das bases e cotas de cotización. / Foto: Cinco Días, Trincado

O Goberno do Estado vén de aprobar o pasado 26 de xullo un novo sistema de cotización de autónomos por ingresos reais. Este método contará cun período de transición de nove anos, ata 2032, e comezará a aplicarse a partir de xaneiro do 2023, con 15 tramos de cotas que irán dende os 230 euros ata os 500 euros e variarán ata 2025, en función dos rendementos netos dos traballadores e traballadoras por conta propia.

Este acordo chea logo de varios meses de negociación entre o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións coas principais asociacións autónomos e autónomas, o texto acordado aprobouse mediante decreto lei.

O novo sistema de cotización por ingresos reais poñerán fin á, cualificada polo ministro Escrivá, "gran anomalía" do réxime vixente e cumprirá coas recomendacións 4 e 5 do Pacto de Toledo, así como o compoñente 30 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Escrivá fixo fincapé en que o futuro réxime vai máis alá da implantación dun sistema de cotización por ingresos reais, xa que tamén pretende mellorar as pensións dos traballadores e traballadoras por conta propia, que ata agora eran un 43% inferiores ás dos asalariados, e garantir as súas prestacións sociais. Esa diferenza entre as pensións dos autónomos e os empregados duns 600 euros ao mes, débese a que o 84% dos afiliados ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) cotizan pola base mínima, duns 300 euros, e repercute na súa xubilación, segundo os datos da Seguridade Social.

Con este modelo de cotización, espérase que un de cada dous autónomos e autónomas teña unha cota máis baixa que a actual, mentres que un 25% cotizará máis e un 25% cotizará menos.

O Ministerio, a Asociación de Traballadores Autónomos, a Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos e Emprendedores acordaron un sistema de 15 tramos para 2023, 2024 e 2025. Os autónomos e autónomas terán a posibilidade de mudar de tramo cada dous meses, cun total de seis cambios ao ano para adaptar a súa cotización ás previsións de ingresos en cada época do ano e da súa actividade profesional. En 2023, a cota para un autónomo con rendementos netos (ingresos menos gastos) iguais ou inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional será de 230 euros. En 2024 reducirase a 225 euros e, no 2025 pagará 200 euros. Para aqueles con rendementos netos superiores a 1.300 euros e inferiores ou iguais a 1.500 euros, e por encima desa cantidade e inferiores ou iguais a 1.700 euros, a cota manterase en 294 euros durante os próximos tres anos.

Preocupación entre os comerciantes e a veciñanza pola escalada de roubos na vila

Na imaxe vese unha simulación de roubo na rúa. / Foto de arquivo

Aumenta a preocupación entre as persoas responsables dos comercios e establecementos da vila e a veciñanza pola escalada de roubos nas últimas semanas nas rúas melidás.

Empeza a ser habitual escoitar testemuñas de veciñas e veciños, así como comerciantes que afirman ter sufrido ou ben un roubou ou ben un intento do mesmo. A Garda Civil e a Policía Local do municipio son coñecedores desta situación de inseguridade que sofre a poboación, dado que son varias as xerentes de negocios locais que informaron de intentos de roubo nos seus establecementos.

A mediados de xullo, podíamos ver nos medios de comunicación que un veciño melidense era detido pola Garda Civil, acusado de realizar diversos roubos a persoas de avanzada idade e que camiñaban soas pola rúa e a plena luz do día. Este individuo gardaba o botín nunha bolsa de plástico para ocultalo e pasar desapercibido ante o resto de viandantes. A Garda Civil impútalle un total de seis delitos de roubo con violencia e intimidación e un de lesións, acontecidos todos en Melide.

A pesares desta detención, continúa a escalada de intentos de roubo a viandantes e en comercios polo que o partido popular de Melide solicitou a Xunta Local de Seguridade para pedir que "se intensifique a vixilancia das forzas e corpos de seguridade do Estado mediante a súa petición á delegación do Goberno", comentan dende o PP melidá nunha nota de prensa, e reclaman que se "tomen as medidas oportunas" dende a administración local.

Unha clienta do comercio local melidá premiada nos Días Azuis

Sueños Moda Infantil é a tenda na que tocou o tícket afortunado. / Foto: Cerne

Unha clienta do comercio local melidá é premiada da iniciativa da Federación Galega de Comercio, Días Azuis.

A compradora galardoada nesta edición de verán da campaña é Vanesa Freire Valín, grazas a rexistrar un tícket de compra do establecemento de moda infantil Sueños conseguiu unha das seis tarxetas moedeiro de 250 euros, para gastar de novo nas pequenas tendas da localidade.

Os Días Azuis son unha actividade comercial que cada edición conta cunha ampla participación por parte da clientela dos establecementos de proximidade da vila. De feito, leva varios anos nas que esta iniciativa a nivel autonómico deixan premio en Melide.

Fréase a tendencia de creación de emprego na comarca cunha lixeira suba do paro en xullo



Gráficos das cifras do paro desglosadas por sectores nos concellos da comarca da Terra de Melide. / Foto: Cerne

Fréase a tendencia de creación de emprego na comarca da Terra de Melide cunha lixeira suba do paro no mes de xullo.

Logo de varios meses con baixadas nas cifras de desemprego, este mes (tradicionalmente de incremento de traballo polo auxe da tempada de verán, especialmente, na hostalería) ascenden as persoas en paro. Se nos fixamos nos concellos da comarca temos: en Melide pasouse de 303 a 308 persoas en desemprego, é dicir, 8 máis; no caso de Toques o aumento foi de 2 parados, quedando así o total en 27; no municipio de Sobrado mantense a situación dado que só hai unha persoa máis desempregada; a excepción da zona é Santiso, dado que descende o paro nunha persoa. O total dos datos de desempregados na comarca da Terra de Melide son de 420 parados.

Se analizamos estas cifras desglosadas por idades e sexo podemos observar os seguintes datos: en Toques, Santiso e Sobrado non hai menores de 25 anos en paro, en Melide son 10; os homes maiores desta idade sen traballo en Sobrado son 23 e 18 mulleres, no caso de Toques son 14 homes e 13 mulleres; en Santiso son 22 de cada sexo; e por último, na localidade de Melide son 117 homes e 191 mulleres.

Por sectores os números reflicten que o sector de servizos é no que máis emprego destruíu, con 256 en total na comarca (189 en Melide, 25 Santiso, 28 Sobrado e 14 en Toques). En agricultura e pesca son 39 parados máis, 52 no sector da industria e 35 na construción. Estes datos dan mostra da incerteza que provocan as circunstancias actuais como as consecuencias da guerra en Ucraína.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

ópticastábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

As medidas de aforro enerxético van dende limitar o aire acondicionado ou a calefacción ao apagado de escaparates

Un dos escaparates da tenda de Calzados Broz totalmente iluminado durante a noite. / Foto: Calzados Broz

O Goberno do Estado vén de aprobar no Consello de Ministros o primeiro paquete de medidas do Plan de aforro enerxético. Este deberá ser completado máis adiante, en setembro, con máis medidas, tal e como advertiu a responsable de Transición Ecolóxica, Teresa Ribera. Polo momento, o Executivo aprobou un decreto con diversas medidas obrigatorias como unha temperatura máxima e mínima do aire acondicionado e a calefacción en locais comerciais e edificios públicos, ou o apagado das luces dos escaparates a partir dunha hora e a revisión das caldeiras. Ademais, a ministra de Transición Ecolóxica tamén fixo fincapé en recomendar o teletraballo nas administracións públicas e grandes empresas como un factor máis para aforrar enerxía en espazos nos que se xunta un gran número de xente. Estas normas estenderán a súa obrigatoriedade ata novembro do ano 2023.

Teresa Ribera explicou que era imprescindible aprobar de inmediato algunhas medidas para reducir o gasto enerxético e contribuír co compromiso de contención alcanzado por España con resto de países da Unión Europea.

Os espazos afectados por este Plan de aforro enerxético son: edificios da Administración Xeral do Estado, inmobles das administracións públicas autonómicas e municipais, establecementos comerciais e de hostalería (tanto grandes almacéns como pequenos comercios), espazos culturais (como por exemplo cines ou centros de congresos) e infraestruturas destinadas ao transporte de persoas como estacións e aeroportos. As excepcións a esta norma son: centros educativos, hospitais, salóns de peiteado, ximnasios e dentro dos trens, avións ou barcos. Como é lóxico, o alumeado das rúas tampouco se apagará.

As medidas deste Plan de aforro enerxético son:

- Ter as temperaturas de calefacción e refrixeración limitadas a 19 e a 27 graos respectivamente. Esta norma estará vixente ata o vindeiro 1 de outubro de 2023.
- Amosar en carteis ou pantallas as medidas obrigatorias de aforro, entre outras adicionais que reduzan o consumo.
- Antes do 30 de setembro, dispoñer de peches automáticos nas portas de acceso para impedir que queden abertas permanentemente e evitar a perda de enerxía que isto supón cando están funcionando os sistemas de refrixeración ou calefacción.
- O alumeado de escaparates e rótulos terá que ser apagado desde as 22:00 horas. Esta disposición tamén se aplicará nos edificios públicos que estean desocupados nese momento. Norma vixente ata o próximo 1 de outubro do 2023.
- No que respecta a "caldeiras e instalacións térmicas", aqueles inmobles que teñan pasado a inspección de eficiencia enerxética antes do 1 de xaneiro de 2021 deberán someterse a unha revisión extraordinaria antes do 31 de decembro do 2022, "de modo que todos os edificios cun consumo de climatización relevante teñan superado unha inspección nos últimos anos", indican no departamento de Transición Ecolóxica.

A maiores destas normas de obrigatorio cumprimento a ministra Ribera tamén fixo unha recomendación para levar a cabo nas administracións públicas e grandes empresas, "para aforrar no desprazamento e o consumo térmico dos edificios", comentou en rolda de prensa a propia Teresa Ribera.

Dende o Goberno explican que, neste caso, só se trata dunha recomendación, polo que non é de obrigado cumprimento, para aforrar en desprazamentos e consumo de edificios. Esta recomendación non está recollida no decreto publicado, senón que se trata só dunha mensaxe pública do Executivo ao sector privado.

Nesta normativa tamén se inclúen unha serie de medidas do impulso das enerxías renovables, entre as que destacan:

- A norma inclúe tamén medidas para substituír os combustibles fósiles por renovables. "Entre elas destaca a aceleración das tramitacións das redes eléctricas, diminuíndo os requisitos, especialmente no caso das infraestruturas de transporte e das consideradas singulares, como as interconexións entre as illas, que corresponden a Rede Eléctrica de España", explica o departamento.
- No caso do autoconsumo, "acéptase o cambio de modalidade (sen excentes, con excendentes) cada catro meses, e establécese un novo mecanismo no caso de que unha nova instalación con dereito a compensación dos excedentes tarde máis de dous meses en regularizarse", indican dende o Ministerio de Transición.

Unha persoa apagando a liz para aforrar enerxía. / Foto de arquivo

Comercio
Centro Comercial Aberto
CCA
Melide
ASETEM
ABERTO
DOMINGOS
ata as 14:00h
Patrimonio
todo isto é
Melide
ven coñecernos
esta fin de semana!
Gastronomía
cofinanciado por
XUNTA
DE GALICIA

ESTE MES LATEXO LOGOPEDIA CÓNTACHE...”

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide

Teléfono: 642 007 210

A SÍNDROME DE DOWN

A Síndrome de Down é unha alteración xenética que se orixina cando se produce unha copia adicional total ou parcial do cromosoma 21, por iso se coñece tamén como trisomía do par 21. Este material adicional provoca cambios no desenvolvemento da persoa e nas características físicas. A maioría das veces, non é unha síndrome hereditaria senón que se produce un erro na división celular nas primeiras etapas de desenvolvemento do feto, xerando a copia adicional.

Hai maior probabilidade de xestar unha/un nena/o con síndrome de Down se a idade da nai supera os 35 anos, posto que os óvulos antigos teñen máis risco de división cromosómica inadecuada. Tamén aumenta as probabilidades ser portadores de translocacións xenéticas no cromosoma 21 ou ter previamente una/un nena/o con esta síndrome.

Comparten rasgos físicos como cara aplanada, cabeza pequena e pescozo curto, pouco ton muscular con flexibilidade excesiva ou lingua protuberante e baixa estatura. A maioría das persoas con síndrome de Down teñen discapacidade intelectual entre leve e moderada e presentan retrasos na linguaxe e problemas de memoria a curto e longo prazo. Tamén poden presentar complicacións de saúde que se volven máis notorias coa idade (defectos cardíacos, trastornos inmunitarios, demencia, etc.).

A logopeda será a encargada de facer unha estimulación da linguaxe e a comunicación que axude a un desenvolvemento máis rápido e adecuado. Traballarase sobre os prerrequisitos e os compoñentes da linguaxe (fonoloxía, semántica, morfosintaxe, pragmática) así como na comprensión da linguaxe se houbera dificultades. É moi habitual que exista unha discrepancia entre comprensión e expresión, sendo tamén máis habitual que o desempeño sexa mellor en comprensión que en expresión. Incidirase tamén sobre a intelixibilidade da fala e a fluencia do discurso ou a voz. Ademais poderá ser necesario traballar a musculatura orofacial para unha mellor mobilidade e mellor ton e control, repercutindo en funcións orofaciais como a succión, mastigación ou deglutición. Pode precisar axuda tamén con dificultades en canto á audición, a percepción ou a integración sensorial (sempre cun traballo multidisciplinar con terapia ocupacional e psicoloxía).

Os materiais empregados para a intervención deben ser motivadores para a persoa e as oportunidades de aprendizaxe variadas no seu entorno natural para reforzalos positivamente e que sexa máis probable que se repitan. Tamén hai que ter en conta que as aprendizaxes deben ser funcionais e axustadas ao momento evolutivo da persoa. Calquera que sexa a intervención a realizar coa persoa con síndrome de Down debe contar cun programa de atención individual e tendo en conta as necesidades de cada persoa. Debe contar tamén co consenso e o apoio da familia que será fundamental para a consecución de obxectivos tanto a nivel de logopedia como doutras profesionais que deban intervir.

É polo tanto, unha intervención global sobre diferentes funcións e capacidades. É como unha carreira de fondo, que comeza coa estimulación da linguaxe na primeira infancia e continúa, se a familia e a persoa o precisan, na nenez, a adolescencia e a idade adulta.

SABER DE LEI

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

HERDANZAS E DESHERDANZAS

As herdanzas son un dos problemas máis comúns que se dan no entorno familiar. Todos coñecemos algún caso de familias que acaban en inimizades para sempre como consecuencia das herdanzas. Existindo testamento ou non do finado poden xurdín multitude de problemas á hora do reparto. A consecuencia de iso moitas herdanzas quedan semi abandonadas, pasando o problema de pais a fillos e incluso a netos.

¿Os fillos son sempre herdeiros forzosos de seus pais? Non, xa que hai excepcións. O artigo 807 do Código Civil di que os fillos e descendentes respecto a seus pais e ascendentes son os herdeiros forzosos legalmente recoñecidos. A falta dos anteriores, os pais e ascendentes respecto dos seus fillos e descendentes, e a falta dos anteriores, o viúvo ou a viúva na forma e medida que establece o propio Código Civil.

Desherdar a un fillo implica eliminar a consideración do mesmo como herdeiro forzoso, tendo a potestade de anular o reclamo por parte do mesmo sobre ningunha das partes da herdanza. Pero isto non se pode levar a cabo de maneira arbitraria, senón que é preciso xustificar os motivos polos que se desexa desherdar a un fillo. E cales serían estes motivos?

As causas para desherdar a un fillo, recollidas no art. 852 C.C:

1. Estar condenado por sentencia firme, por atentar contra a vida ou causar lesións ou exercer habitualmente a violencia física ou psíquica no ámbito familiar ao testador, o seu cónxuxe, persoa á que estea unida por análoga relación de afectividade ou algún dos seus descendentes ou ascendentes.
2. Estar condenado, por sentencia firme, por delitos contra a liberdade, a integridade moral e a liberdade de intimidade sexual, se o ofendido é algunha das persoas recollidas no punto anterior.
3. Acusar ao testador do delito para o que la lei sinala pena grave, se é condenado por denuncia falsa.
4. Forzar ao testador, con ameazas, fraude ou violencia, a facer testamento ou a cambialo.
5. Impedir a outro, por iguais medios, facer testamento ou revocar ao que teña feito, ou suplantar, ocultar ou alterar outro posterior.
6. Pero tamén un fillo ou descendente pode desherdar a un pai ou a un ascendente e serían nos seguintes casos: ter perdida a patria potestade por sentencia fundada no incumprimento dos deberes inherentes á mesma ou ditada en causa criminal ou matrimonial; negar alimentos aos fillos ou descendentes sen motivo lexítimo; ou atentar un dos pais contra a vida do outro.

Aínda que se cumpran con todos os requisitos para desherdar a un fillo e esta se leve a cabo con todos os efectos, calquera doazón realizada en vida polo testador en favor do desherdado no poderá ser revocada, a non ser que o feito que provocou a desherdanza sexa a causa da revocación da doazón.

A falta de relación ou a falta de afecto nunca é unha xusta causa para desherdar a un fillo ou a un neto, xa que non está contemplada no código civil nin tampouco se permite esa interpretación flexible. E isto foi reafirmado no mes de xullo do presente ano por unha sentenza do Tribunal Supremo, onde se daba por nula unha desherdanza feita por unha avoa a unhas netas coas cales levaba anos sen ter relación e onde as desherdou por consideralo como un maltratador psicolóxico cara á súa persoa.

Para poder desherdar ten que aparecer recollido no testamento, é a única maneira legal de poder levar dita acción a cabo, sempre e cando concorran algunha das circunstancias citadas anteriormente.

Como vemos, as herdanzas son un mundo a parte, e cada unha é un mundo propio, onde dende o dereito romano ata os nosos días é a orixe de conflitos irreconciliables entre familia.

E tirando de refraneiro popular; quen a herdar aspira, longa soga estira.

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

O obradoiro 'Natureza no Camiño de Santiago' terá alumnado de Melide, Toques, Santiso e Arzúa

A zona do Castro de Curbín no concello Arzúa, un dos espazos no que se realizarán diversas tarefas. / Foto de arquivo

O obradoiro 'Natureza no Camiño de Santiago' formará a alumnado de Melide, Toques, Santiso e Arzúa en reforestación e tratamentos silvícolas.

Esta formación contará con vinte prazas: sete para a veciñanza de Melide, cinco para Arzúa, catro para Toques e outras catro para Santiso. O obradoiro para persoas en situación de desemprego dará comezo, previsiblemente, a finais de setembro. Para anotarse é obrigatorio estar empadroado nun dos concellos participantes desta iniciativa e cumprir os requisitos, o prazo de solicitude abriuse esta semana e poderase facelo ata o vindeiro 22 de agosto na oficina de emprego de Melide, situada na rúa Eduardo Álvarez Carballido número 1.

Os contidos do curso 'Natureza no Camiño de Santiago' centraranse na repoboación forestal e tratamentos silvícolas durante todo o ano.

A Xunta de Galicia, a través da xefatura territorial da Coruña, resolveu favorablemente a concesión dunha subvención de 503.987 euros para a realización deste proxecto. Deste xeito, a administración autonómica achegará dúas anualidades por valor de 176.395,45 e 327.591,55 euros en 2022 e 2023 respectivamente.

O alumnado desta formación, solicitada de maneira conxunta entre os catro concellos, actuará en máis de vinte e cinco espazos naturais da zona. Entre os lugares escollidos para o obradoiro 'Natureza no Camiño de Santiago' están: en Melide, varias parcelas forestais públicas na concentración parcelaria Maceda - Orois e no camiño da ruta da senda do Bocelo; no municipio de Arzúa, levaranse a cabo tarefas de mantemento, limpeza, roza e silvícolas na Mota, Beis - Oíns, Castro Curbín (na parroquia de Rendal), Tronceda, Burres e Dombodán; en Santiso, as actividades levaranse a cabo na zona náutica de Beigondo e nas fincas do Castro de Ribadulla, no campo da festa de Barazón e no campo de fútbol de Visantoña, tamén haberá tarefas para realizar na área de Belmil, no muíño e na fonte de Novela, no campo da festa de Serantes e no camiño Fonte Santa; por último, no concello de Toques as zonas comprendidas serán as contornas das capelas de San Cidre e San Antolín, as proximidades de San Antolín e das fervenzas de Brañas, no Forno dos Mouros, o Castro da Graña e os roteiros da Fervenza, a Ermida e os Megalitos, así como o sendeiro do Bocelo.

Este obradoiro, a maiores, de ofrecer formación en reforestación forestal e tratamentos silvícolas a vinte persoas dos concellos da contorna, o que incrementará as súas posibilidades de atopar emprego, tamén permitirá darlles un novo e mellor aspecto a diversos espazos naturais da zona para desfrutalos toda a veciñanza.

As parroquias de Golán, Grobas e Baltar novas zonas de concentración parcelaria

Xuntanza informativa nas parroquias de Golán, Grobas e Baltar. / Foto: PP M

As parroquias melidenses de Golán, Grobas e Baltar novas zonas de concentración parcelaria neste ano.

A secretaria xeral do PPdG, Paula Prado, xunto coa voceira municipal, Dalia García, acudiu a estas aldeas do concello para informar de que a Xunta de Galicia ten previsto decretar vinte e tres novas zonas de concentración parcelaria no que queda de ano. Esta organización do territorio afectará a case sete mil hectáreas, distribuídas en máis de 40.600 parcelas, propiedade de case 4.500 veciños e veciñas destas aldeas. Os municipios afectados, a maiores de Melide, son: Boqueixón, Padrón - Pontecesures, Santa Comba, Tordoia e Touro.

Esta visita non estivo exenta de críticas, xa que dende o grupo socialista da vila afirman que Paula Prado "visitou Melide da man da TVG para vender o apoio do seu partido aos nosos veciños". Ademais, José Antonio Prado, voceiro do PSOE no municipio, fixo fincapé en que "é unha deslealdade, nos últimos meses houbo varios actos do PP coa cobertura da TVG é o máis grave é que sempre trasladan unha imaxe negativa do goberno municipal".

Volve o Basket na rúa este venres no Parque Rosalía de Castro

Parte do cartel da iniciativa deportiva Basket na rúa. / Foto: C. Melide

O Concello de Melide, a través do departamento de deportes, organiza por segundo ano consecutivo o campionato Basket na rúa este venres 12 de agosto nas pistas do Parque Rosalía de Castro, ás 20:00 horas.

Os equipos participantes poderán ser mixtos de entre 3 e 5 xogadores, os partidos serán de dez minutos e haberá un formato de grupos.

O obxectivo principal desta iniciativa é que a veciñanza faga deporte e desfrute dunha tarde xogando ao baloncesto. A participación é gratuíta e non haberá premios materiais.

Melide aproba os orzamentos do 2022 e unha nova Relación de Postos de Traballo

Os membros do Goberno local e da oposición durante o pleno do 3 de agosto. / Foto: Concello Melide

O Pleno Ordinario do Concello de Melide, celebrado o pasado 3 de agosto, aprobou dous asuntos de gran calado como son: a Relación de Postos de Traballo e os orzamentos do ano 2022.

No caso da RPT a proposta aprobada inicialmente na sesión plenaria do 1 de decembro do 2021 someteuse a información pública con posterioridade durante o prazo legal de 20 días logo de ser publicado no Boletín Oficial da Provincia.

A nova RPT substitúe o documento vixente dende o ano 2006 e foi aprobada pola mesa de negociación na que están todos os grupos da representación sindical do cadro de persoal municipal. A través deste novo marco reitor, o traballo diario da Administración local adecuarase ás dinámicas esixentes e cambiantes do Melide actual.

En relación co documento anterior, dende o equipo de Goberno da vila destacan que a nova Relación de Postos de Traballo opta por incluír todos aqueles postos de traballo estrutural que satisfán as necesidades permanentes do Concello. Ademais, consagra a funcionarización dos postos de traballo do cadro de persoal laboral, como é o caso dos postos de traballo social, a educación familiar ou os técnicos da administración xeral e urbanística. Serán un total de 29 postos os estabilizados con este documento. A nova RPT elimina practicamente a totalidade das desigualdades existentes entre traballadores e facilita a organización do persoal do Concello, xa que elimina as xornadas partidas, o que supón unha modernización da administración municipal.

No que respecta ás contas para o exercicio 2022, atrasada a súa aprobación por estar ligada á da RPT, aumentan ata os 7.300.000 euros. Dende Concello de Melide afirman que continúan cuns orzamentos expansivos destinados a mellorar a prestación de servizos e a situación do municipio, de feito no pleno o portavoz de Adiante Melide fixo fincapé nos novos servizos incorporados como o Xantar na Casa.

Neste pleno, o partido da oposición anunciou que recorrerá a nova RPT e critica que sexa aprobada con informes desfavorables e sen o apoio do sindicato maioritario no Comité de Empresas. O PP de Melide vai aínda máis alá, dado que manifesta que "o sindicato maioritario do Comité de Empresa do Concello na súa alegación sinala que o documento foi pactado coas organización sindicais non é o que finalmente se aprobou en pleno o que ao seu xuízo é un fraude de lei". Ante estas acusacións, o equipo de Goberno afirma que se reuniron con todos os sindicatos para chegar a un acordo así como que para a aprobación de dita RPT non son vinculantes os informes aos que se refiren dende a oposición.

Novo aparcadoiro público próximo á Capela do Carmen

O novo aparcadoiro, próximo ao cemiterio do Castelo. / Foto: Concello Melide

A vila conta cun novo aparcadoiro público e gratuíto próximo á Capela do Carmen e ao Cemiterio.

Este terreo foi cedido por unha familia á que a administración municipal llo agradece, dado que permite que o concello conte cun novo espazo para que a veciñanza e visitantes poidan deixar aí os seus vehículos cando o precisen sen límite de tempo.

Falece Javier Rodríguez Pampín, alcalde da vila a finais dos anos 70



Javier Rodríguez Pampín, antigo alcalde do municipio. / Foto: Concello Melide

O melidense Javier Rodríguez Pampín, coñecido como Javier do Aceiteiro, que fora alcalde do Concello de Melide durante o 1976 e o 1987, falecía o pasado 1 de agosto.

Ante este pasamento foron moitas as mostras de agarimo e agradecemento pola súa labor á fronte do Consistorio, tanto por parte de particulares como pola de institucións como a Administración local ou os diferentes partidos políticos con representación en Melide.

Dende a directiva da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide tamén queren amosar o seu pésame a toda a súa familia e amigos, dado que Javier Rodríguez Pampín foi socio da asociación durante moitos anos nos que, xunto con seu irmán, rexeu un ultramarinos situado na Ronda da Coruña no que moitas veciñas e veciños da vila facían as súas compras.

Ademais, dende ASETEM - CCA fan fincapé en que na súa etapa como asociado sempre estivo disposto a axudar e apoiar á asociación no que fora preciso.

París de Noia, M Clan, Los Satélites e Leirabuxo nas festas do San Roque

Cartel coa programación do San Roque da vila que durará dende o 16 ata o 21 de agosto. / Foto: Concello de Melide

A Comisión de Festas do San Roque, o Concello de Melide, Escala Espectáculos 5.9 e Unga Unga Music anunciaron o cartel coa programación e actuacións que farán a vila a protagonista da troula galega.

Logo de dous anos, este é o primeiro San Roque similar aos vividos antes da pandemia. Este 2022 haberá seis días de festa do 16 ao 21 de agosto, xornadas nas que actuarán orquestras, grupos de música tradicional, agrupacións locais, bandas e actuacións infantís.

O primeiro día de troula, o martes 16 haberá música a cargo da formación melidá, Herba Grileira; a Banda de música de Arca, actuación infantil: 'A Casa do Terror',o tradicional concerto da Coral Polifónica de Melide, e para rematar a xornada, a orquestra Olympus.

O mércores 17 será a quenda da Banda de Antas de Ulla con Antonio Barros, actuación infantil: 'Ikigai'; os Festicultores Troupe Band, e La Misión.

Na xornada do 18 actuarán: a Maristela de Sobrado, A Banda de Música de Merza, Galicia ilusiona con Patri Zenner e as orquestras Los Satélites e Los Players.

Para comezar a fin de semana das festas haberá unha actuación infantil chamada Carman, o grupo Leirabuxo, Cuarta Xusta e orquestra Marbella.

O sábado 20 tocarán Froito Novo, Charanga Era Visto, orquestra New York e a agrupación rock M Clan.

No último día de troula actuarán: a Banda de Música de Visantoña e a París de Noia. O luns 22 será o xa habitual día do neno na zona das atraccións.

A esta programación hai que engadirlle outro concerto o domingo 14 do Dj Kiko Rivera.

As actuacións serán no Cantón de San Roque da localidade, onde a administración municipal espera que se congreguen centos de persoas grazas ao "potente cartel". Estes días de troula chegan a Melide coa perspectiva de dar un impulso tamén ao sector da hostalería e da restauración, así como ao comercio de proximidade e outros eidos relacionados.

Aproveito estas liñas que me facilita Asetem para dirixirme un ano máis a todas/os as/os veciñas/os de Melide por mor da celebración das festas de San Roque, tan desexadas despois de dous anos de pandemia.

As festas de San Roque, consolidadas co paso do tempo como unhas das máis importantes do panorama de festexos de Galicia, son as máis esperadas e entrañábeis para todas e todos nós, tanto para os que residimos de forma habitual en Melide como para os que regresan nestas datas as súas orixes para desfrutar duns días de festa en familia.
As festas de San Roque foron programadas desde a ilusión e o traballo, coñecedores da gran importancia que supoñen tradicionalmente para as melidás e melidaos a nivel económico, lúdico e social.

Agradecer o traballo realizado pola comisión de festexos, traballadores municipais, asociacións e a todas as persoas implicadas que traballaron a reo para a elaboración dunha programación a altura do noso Concello.

No nome da corporación municipal do Concello de Melide, e no meu propio, quero desexar a toda a veciñanza de Melide e a cantos nos visiten unas felices festas e animarvos a desfrutar dunha completa programación, con actividades para todas as franxas de idades.

José Manuel Pérez Penas - Alcalde de Melide

COLORÍN COLORADO
CALZADOS BROZ
CREACIÓNS MJ
FLOR DE TOXO
MERCERÍA MARVI
MIS MEJORES LABORES
ELECTROSAN
DIVA PRO
MODAS ALFONSO
M&M MODA
MAGNIN
12-13 AGOSTO 2022
VILELA
SHAKO MODA
NOGUEROL COCIÑA E BAÑO
PEQUENIÑOS ZAPATERÍA INFANTIL
PERFUMERÍA LYSS
TOYSMANIATIC MELIDE
STARDEMODA
SUEÑOS MODA INFANTIL
TU BOUTIK
SISUKA
ROMERO ZAPATERÍAS
mercamelide
na Rúa
XUNTA DE GALICIA
galicia
ASETEM

Carpintería
Aluminios Melide

aluminio
PVC
portales
automatismos
hierros en general
persianas, ...

Polígono da Madanela, Parc. 87
aluminiosmelide1@gmail.com
Tfno./ Fax.: 981 507 312
Móviles: 675 611 286 - 685 355 598

TALLERES
FERMAT

Tfno.: **626 430 275**
Pol. Ind. A Madanela,
parcela 22
15800 **MELIDE** (A Coruña)
talleresfermat@gmail.com

- Establecemento km 0
- Cociña vegana
- Vaca limiá e cachena ecolóxica
- Alimentación saudable e de calidade
- Adheridos á asociación galega de celiácos
- Trato personalizado
- Establecemento integrador

Camiño Vello de Santiago (Melide)
www.casaalongos.es
Tfno: 981 50 63 92 / 686 31 28 51

Reunión entre os representantes dos Concellos do interior galego e a conselleira de Medio Ambiente sobre as axudas a puntos limpos

Os alcaldes dos concellos do centro de Galicia e a conselleira de Medio Ambiente. / Foto: Xunta de Galicia

Os representantes dos Concellos do interior galego e a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, reuníronse no municipio de Palas de Rei para falar sobre as axudas a puntos limpos móbiles.

Ánxeles Vázquez, titular de Medio Ambiente do Goberno autonómico, anunciou que a Xunta concederá este ano preto de 1,5 millóns de euros en axudas directas a concellos e agrupacións municipais para implantar un total de 41 puntos limpos móbiles e poder ofrecer, desta maneira, un servizo itinerante de recollida de residuos especiais nos seus respectivos territorios.

Nesta xuntanza estiveron presentes os rexedores de Arzúa, Antas de Ulla, Melide, Palas de Rei, Santiso e Toques, así como o delegado territorial do Goberno autonómico e a directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. Os municipios mencionados anteriormente foron todos eles beneficiarios das subvencións para puntos limpos móbiles en edicións anteriores e que están en funcionamento na actualidade, das máis de 60 vilas galegas que a recibiron na última convocatoria da axuda que pode chegar a cubrir ata o 100% do investimento a executar pola administración local.

A maiores, Vázquez convidou aos alcaldes presentes na reunión a participar no procedemento de consulta que a Consellería ten aberto co fin de recadar suxestións e información que contribúa a optimizar as novas ordes de axudas que publicará este ano grazas aos 20 millóns de euros dos que dispón o seu departamento para proxectos de desenvolvemento da normativa de residuos e fomento da economía circular.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tamén fixo fincapé en que dende a Xunta se "concederon 4,82 millóns de euros en axudas a 123 entidades locais galegas para o impulso de proxectos e actuacións relacionadas coa separación e tratamento dos chamados bioresiduos domésticos.

A vaga de incendios arrasa 375 hectáreas na parroquia de Ramil en Palas de Rei

O incendio na parroquia de Ramil o pasado 18 de xullo. / Foto: Protección Civil

A vaga de incendios que asolou o territorio galego no mes de xullo arrasou 375 hectáreas na parroquia de Ramil no municipio de Palas de Rei, o cuarto máis grande dese período por detrás do de Carballeda de Valdeorras (10.500 ha), Folgoso do Courel - A Pobra do Brollón (11.100 ha) e Vilariño de Conso (6.500 ha).

No que vai de verán xa ardeu máis superficie en Galicia que durante todo o ano pasado.

O incendio na parroquia de Ramil (Palas de Rei) comezou en tres focos polo que o alcalde da localidade, Pablo Taboada, non dubida da "intencionalidade" do fogo. A situación foi moi complicada dadas as circunstancias climatolóxicas, "pola noite foi terrible porque a calor era insoportable e o incendio chegou a estar moi próximo das casas", afirmou Taboada.

O rexedor municipal comentou que a superficie queimada foron "zonas de monte baixo, que non tiña arborado", así como un aeroxenerador, posto que o incendio tamén afectou á Serra do Careón.

As altas temperaturas deses días, con alerta neses concellos, complicaron as tarefas de extinción nas que participaron doce brigadas, sete motomobas e un helicóptero entre outros dispositivos dispoñibles.

Éxito dos puntos limpos móbiles dos concellos de Santiso e Toques

Punto limpo móbil situado nunha parroquia de Santiso. / Foto de arquivo

Os puntos limpos móbiles dos concello de Santiso e Toques levan varios meses percorrendo as diferentes parroquias para facilitarlle á veciñanza a tarefa da reciclaxe de certos artigos.

Nestes espazos pódense depositar móbiles e outros dispositivos electrónicos, CD e DVD, toner e cartuchos de impresora, pequenos electrodomésticos, lámpadas e tubos fluorescentes e por último, pilas e baterías.

Os puntos limpos móbiles de Santiso e Toques están varios días en cada parroquia para que a veciñanza faga un bo uso dos mesmo e poden consultar o seu calendario nas Casas Consistoriais ou por teléfono.

Fin de semana cheo de festas e actividades en Sobrado

Os carteis da XXI Feira da Troita e da Feira en As Cruces deste ano. / Foto: Concello de Sobrado

Este sábado 13 o concello de Sobrado énchese de festas e actividades para todas as idades.

Por unha banda, na parroquia de As Cruces haberá a tradicional feira do 13 con queixo artesán, polbo á feira, animais, diversos produtos da horta, froitas, embutidos e moito máis. Pola outra banda, no municipio de Sobrado celebrarán a vixésimo primeira Feira da Troita que comezará coa sexta 'Corretroita', a tradicional carreira popular de oito quilómetros pola contorna sobradés ás 18:30 horas. Os corredores e corredoras participantes deberán recoller os seus dorsais no Mosteiro da localidade, onde estará situada a secretaría da organización, desde as 17:30 horas ata media hora antes do inicio de cada proba. Os tres primeiros clasificados de cada categoría recibirán os trofeos desta carreira popular.

Para continuar a troula terá lugar o décimo sexto festival musical e intercultural da xuventude coas actuacións de Café Quijano, formación estrela destes días de festa, Los Fabulosos Weekend e Solrain na explanada do Pavillón Polideportivo.

O domingo 14 na Praza do Concello ás 11:00 horas abriranse os postos de artesanía e gastronomía. A media mañá haberá un pasarrúas a cargo do grupo de baile e música tradicional da vila A Maristela; ás 13:30 horas é a quenda do pregón da man de Alejandra Grepi, actriz protagonista da película 'El Bosque Animado' de José Luis Cuerda; deseguido haberá un recoñecemento a produtores da zona; ás 14:30 horas é o momento da sesión vermú coa agrupación Platinum. Pola tarde, ás cinco ábrese a zona de xogos na Vía Sacra e estará dispoñible durante catro horas. A continuación, haberá animación de rúa con O Polbo Escapista, logo a verbena segue cos Festicultores e para pechar a festa actuará de novo o grupo Platinium.

Ademais, durante todo o día haberá degustación de troita á montañesa na Praza do Concello e nos establecementos hostaleiros da localidade sobradesa. Dúas xornadas de troula nas que a veciñanza e turistas poderán desfrutar de diversas actuacións musicais, actividades deportivas, xogos e postos de artesanía.

Regresa a celebración do San Agustín á parroquia de Visantoña en Santiso

Centos de persoas durante a verbena de San Agustín en Visantoña no ano 2018. / Foto de arquivo

Os próximos 28 e 29 deste mes regresa a celebración do San Agustín á parroquia de Visantoña en Santiso.

Esta é unha das festas con maior repercusión e afluencia de xente da zona, polo que este verán despois de dous anos sen poder organizala por mor das circunstancias sanitarias a veciñanza de Visatoña presenta un gran cartel que conta coa orquestra Los Satélites e o grupo Claxxon para o domingo 28 e a orquestra París de Noia e América SL para o luns 29. A maiores, haberá os tradicionais fogos de artificio e a actuación de bandas de música.

O festival Galicia Ilusiona encherá o municipio de maxia

O festival Galicia Ilusiona encherá Melide de maxia durante as festas de San Roque para facer desfrutar á veciñanza e visitantes.

Galicia Ilusiona, un proxecto dirixido e producido polo mago da vila Dani Polo e Pedro Bugarín que percorrerá diversas localidades da comunidade autónoma entre as que se atopan Melide, O Grove ou Vilagarcía. Esta iniciativa atópase dentro do programa cultural do Xacobeo 2021 - 2022 e pretende converter a Galicia en "referente e epicentro" de maxia para "encher de ilusión" aos galegos e galegas, fan fincapé dende a administración autonómica.

O equipo organizativo de Galicia Ilusiona comenta que este proxecto é o resultado de varios anos de traballo, un festival pioneiro e multitudinario destinado a todos os públicos e que contará con 30 artistas de nivel internacional, entre os que podemos atopar: Jimmy Delp (Estados Unidos), Arno (Francia), Huang Zheng (China) e Hyun Joon Kim (Corea).

Un dos ilusionistas participantes en Galicia Ilusiona na fachada dun edificio do municipio. / Foto: Dani Polo

As actuacións encadradas en Galicia Ilusiona son gratuítas, agás as galas internacionais de Lugo, Ferrol, Santiago, Ourense, A Coruña, Pontevedra e Vigo que terá un prezo de 12 euros a entrada. Para as persoas interesadas en mercar as entradas ou en coñecer as datas das diferentes actuacións poden consultar todas as cuestións na páxina web da iniciativa: galiciailusiona.es ou nas súas redes sociais.

Ademais, dentro deste proxecto está recollido o programa Maxia Solidaria co que se intentará levar a ilusión aos máis cativos que sofren enfermidades que lles impiden ver e desfrutar do festival nos distintos municipios nos que actuarán ata o mes de outubro.

Muíño do Esteiro

TIÑAS IDEA?

O Muíño do Esteiro situado na aldea de San Paio de Paradela en Toques. / Foto: abeancos.gal

No curso alto do río Furelos a algo máis dun quilómetro e medio augas abaixo da cascada das Fervenzas, sitúase o muíño do Esteiro na marxe esquerda ou leste do río. A paraxe na que se atopa este muíño destaca polo relevo abrupto, no que o río discorre por un val encaixado, posiblemente de aí poida vir o nome "Esteiro", de feito o Furelos nese tramo leva ese nome.

A zona na que se atopa o muíño trátase dunha paraxe completamente deshabitada na que se atopa un bosque autóctono e de ribeira, onde o río Furelos acada escaso calado, agás xusto un punto á altura do muíño, onde aínda se conserva unha tarde chea de brións que se corresponde co resto dunha antiga ponte de madeira, cando no río se formou un pozo natural que acada ao redor de dous metros de fondo.

Deste muíño de máquina pódense destacar diversos elementos que o singularizan, tanto polo seu porte e características construtivas, como polas familias de muiñeiros que nel traballaron e moraron.

O primeiro elemento a destacar é que se trata dun muíño amplo de maquía, de tres moas, concibido para a moenda do trigo, do millo e centeo. A estrutura consta de dous volumes adosados e concibidos para usos propios do muíño e para a residencia da familia. Estas estancias constan de dúas alturas e están realizados en aparello de cachotaría disposta e aplomada. A pesares de atoparse nun acusado proceso de ruína, a súa estrutura arquitectónica aínda se mantén en pé na maior parte dos espazos, agás na zona traseira do módulo de morada. O interior do espazo está cheo de maleza. Chama a atención o aproveitamento de vellas moas de muíño -das francesas- que se utilizaron para antepeito e xambas de xanela do piso superior da fachada sur da vivenda.

O muíño propiamente dito correspóndese co módulo situado no extremo norte do conxunto adosado, e na súa parte inferior poden verse nitidamente as tres saídas de auga dos rodicios -o que indica que se trata dun muíño de tres moas-, que van dar a unha gabia artificial que serve de evacuación das augas cara ao río, despois do seu aproveitamento hidráulico.

Ademais, hai que destacar que este muíño foi berce dunha saga de artesáns, artistas e gaiteiros, sendo o máis coñecido José María Alfonso García "Muíño".

O Museo da Terra de Melide acolle a exposición de pintura de Xosé Manuel Broz en agosto

Varios cadros da exposición de pintura do melidense Xosé Manuel Broiz Rei nunha sala do Museo do municipio. / Foto: Museo da Terra de Melide

O Museo da Terra de Melide acolle a exposición de pintura de Xosé Manuel Broz durante o mes de agosto.

O melidense Xosé Manuel Broz amosa no museo do municipio unha mostra composta por vinte e tres óleos elaborados todos durante este último ano. "Nestas obras podemos observar paisaxes e rúas de Melide como temática recorrente nos cadros, onde se plasman diversas vistas da contorna natural da bisbarra, destacando as cores verdes e as paisaxes con auga, así como diferentes vistas do seu Melide natal", comenta o persoal do museo.

Unha das novas deste ano é que nesta sala pódense ver tres cadros da paisaxe urbana da cidade de Vigo. A maiores, están expostos sete óleos de interiores de igrexas e personaxes do Pórtico da Gloria da Catedra de Santiago de Compostela, nos que se poden apreciar as cores da súa restauración, dous retratos inspirados nas culturas funerarias do bispo Mateo Segade Bugueiro e do seu sobriño Antón Varela Segade.

Esta mostra de obras Xosé Manuel Borz pódense ver de maneira gratuíta.

Máis de corenta equipos participarán no tradicional campionato de fútbol sala

Os membros dun dos equipos participantes no campionato de fútbol sala. / Foto: Autoescola Agra

O tradicional campionato de fútbol sala do concello de Melide xa está en marcha no Polideportivo coa participación de máis de corenta equipos das diferentes categorías.

Os partidos da primeira fase lévanse celebrando dende o día 1 de agosto e alargaranse ata o vindeiro martes 23, os horarios son: para a categoría senior 21.50 horas, 22.40, 23.30, 00.20 e 01.10 horas. Desta rolda clasificaranse os dous primeiros equipos de cada un dos grupos. Os partidos de fútbol feminino comezan ás 21:00 horas. No caso dos cadetes o horario comeza ás 20.10 horas. Os infantís xogan ás 19.20 horas e os alevíns ás 18:30. Ao rematar esta rolda xogaranse todos os partidos de cuartos o mércores 24 a partir das dez da noite, no caso da categoría senior (a máis numerosa) entre o primeiro equipo do grupo A e o segundo do D, o primeiro do B e o segundo do C, o primeiro do C e o segundo do B, e por último o primeiro do grupo D e o segundo equipo do A. O xoves 25 xogaranse as semifinais entre os gañadores da noite anterior. A final será o venres 26 ás 22:00 horas.

Esta competición é unha das máis arraigadas na vila melidense e con maior seguimento por parte da veciñanza que se achega cada tarde - noite ao Polideportivo para ver estes partidos. Unha oportunidade para practicar deporte entre amigos e pasar un bo anaco.

A presenza de mulleres na Policía Local dos concellos galegos

A introdución das mulleres no eido laboral non se produciu ao mesmo tempo en todos os sectores, de feito, dentro dos Corpos e Forzas da Seguridade do Estado, na Policía Local os datos amosan que aínda queda moito por facer.

No Concello de Melide só se conta cunha muller no cadro de persoal, ela era María López, unha veciña da vila que vén de xubilarse logo de 33 anos no cargo. É certo que en diferentes períodos de verán teñen vido traballar ao municipio varias auxiliares mulleres pero ningunha delas cunha praza fixa. Pódese dicir que a aparición das primeiras mulleres Policías Locais chegaron coa Democracia e 40 anos despois se miramos os datos dos cadros de persoal dos municipais nas localidades galegas, a porcentaxe feminina apenas chega ao 10% do total. Unha cantidade que chama moito a atención polo baixa que é, porén non é a única dado que se nos fixamos noutros corpos de seguridade vemos que no caso da Garda Civil a porcentaxe de persoal feminino descende ata o 8,57%.

A pesares de que as cifras seguen a ser pequenas, hai outro aspectos que si mudaron moito. Un exemplo disto é a vestimenta e calzado, nos comezos das mulleres na Policía Local en Galicia contaban cunha segunda uniformidade definida como "de campaña", pensada especialmente para as quendas de noite, nas que o home levaba un pantalón se mete por dentro do zapato ou bota. No caso das mulleres, tal e como podemos observar nunha das fotografías desta peza, María, a diferenza dos seus compañeiros, leva bolso e zapatos femininos abertos por encima. Se a policía quedaba embarazada tiña que levar esa vestimenta ata, incluso, o 5º mes de xestación. Na actualidade, por fortuna, é impensábel ver a unha muller axente municipal cunha vestimenta diferente á dun home, mostra dun avance do feminismo neste eido. Outro paso adiante en cuestión de igualdade na Policía Local é o feito de que antes as mulleres en servizo tiñan que traballar en solitario en non en parella, non dispoñían de equipo de transmisión nin tampouco de arma e vehículo. Esta situación muda por un tráxico motivo, o 18 de decembro de 1996 na cidade de Córdoba dúas axentes municipais son acribilladas a balazos, a sangre fría, cando perseguían a catro atracadores dunha entidade bancaria. Ambas Policías que nese intre estaban regulando o tráfico nunha rúa próxima polo que empezaron unha persecución en coche ata que un dos atracadores, nun paso de peóns, descende do vehículo e dispara un refacho de munición do subfusil. Estas dúas mulleres foron as primeiras axentes de policía en España en falecer en servizo. Un caso que marcou un antes e un despois no mundo da Policía Local que este ano cumpre 26 anos e supuxo que as condicións das axentes municipais empezaran a cambiar.

O grupo de policías locais e auxiliares no verán de 1989 diante da Casa Consistorial. / Foto: Museo da Terra de Melide

O concello de Melide non é unha excepción na comunidade autónoma, tal e como vimos nos datos dos cadros de persoal, outra cifra que nos revela a situación actual é de mulleres rexistradas en activo no ano 2019 en Galicia que foron 191 de 2.109 axentes. Se nos fixamos por cidades, das sete principais son Ourense ten unha muller á fronte do departamento, para atopar outra muller neste cargo temos que irnos a pequenas localidades con moi pouco persoal. A primeira Policía Local feminina en estar ao mando dun corpo de seguridade dependente da administración municipal en toda España foi Mari Carmen Roca, no 1988 en Vilagarcía de Arousa. Nestes momentos, existen moi poucos concellos nos que a porcentaxe de ratios femininos sexa alta. Hai algunha excepción como Vila de Cruces ou Arzúa, onde as mulleres son o 100% e o 50% do cadro de persoal, respectivamente. Non obstante, podemos dicir que estas cuantías teñen "truco", dado que en Vila de Cruces só hai unha praza de axente municipal e é unha muller, no caso de Arzúa hai dúas prazas das cales unha ocupada unha compañeira. Polo tanto, estas porcentaxes non amosan unha realidade significativa nin xeneralizada nas localidades galegas. O municipio con mellor ratio feminino no seu cadro de persoal é: Foz -onde ocupan un terzo das prazas, xa que hai un total de 3 mulleres dos 9 axentes actuais.

No caso da vila de Melide só houbo unha axente de Policía Local, María López, que comezou a súa carreira no mes de xullo do ano 1989 xunto con outros catro compañeiros e que dende ese intre deu servizo á veciñanza e visitantes.

Para ver a evolución da situación das mulleres na Policía Local transcribiremos varias declaracións de axentes pioneiras neste departamento. Por unha banda, Marina Ledo -unha das primeiras mulleres en entrar no corpo de seguridade municipal na cidade de Vigo-, afirmaba no xornal Atlántico Vigo en 2017 que "na rúa mulleres e homes víano mal, non só homes. Facíannos comentarios como 'vaite para a casa', 'vai fregar' ou 'isto non é cousa de mulleres'. Por outra banda, Lourdes Grobas -segunda axente en entrar na Policía Local en Santiago-, "non existe discriminación polo feito de ser mulleres pero si unha protección especial por parte dos seus compañeiros", facía fincapé en El Correo Gallego en xaneiro de 2015.

Os tempos, por sorte, mudaron moito no que respecta á igualdade entre homes e mulleres, hai aspectos dentro da Policía Local que cambiaron como a vestimenta ou determinadas normas; porén, neste corpo de seguridade e outros a presenza feminina segue a ser case anecdótica, ocupando só entre o 8 e 10% das prazas dispoñibles. Unha boa mostra de que aínda queda moito por avanzar na carreira do feminismo neste eido laboral tan importante para a veciñanza dos concellos.

Membros do Concello facendo entrega dunha placa a María López. / Foto: C.M

PREMIADOS NO SORTEO DAS FESTAS DO CARMEN

Jesús Segade Enjamio (primeiro premio), Roberto Ribadulla (segundo premio) e Antonio Díaz (terceiro premio). / Foto: Comisión de Festas do Carmen

TU 2º Y 3ER
PAR DE GAFAS
POR 1€ MÁS*

Tchin Tchin
AFFLELOU
ÓPTICO

C/ RONDA DE CORUÑA, 16
MELIDE (E-15-0012058) - 981 50 60 97

* Promoción válida del 1/06/2022 al 4/09/2022 en todas las ópticas de ALAIN AFFLELOU de España y Andorra. Ver condiciones en óptica o en afflelou.es.

RAMÓN VIDAL, LIBRERÍA COUSAS

“Na librería teño unha clientela moi fiel e na que mercan diferentes xeracións da mesma familia”

Unha libraría é un espazo físico no que podes mergullarte en múltiples historias, aprender sobre cociña ou agricultura ecolóxica, estar ao día das novas e mercar todo o preciso para emprender a aventura do coñecemento. No ano 1998, a librería Cousas abría as súas portas en Melide, dende ese intre foron moitos as veciñas e veciños do municipio que acudiron xunto a Ramón Vidal, xerente deste comercio de proximidade, para comprar material escolar, libros, xornais ou revistas; imprimir traballos, currículums, debuxos ou fichas,... Pódese dicir que para parte da veciñanza melidense a librería Cousas é parte da súa rutina.

Ramón Villamor, responsable do establecemento Xoiería Oro Ley, durante a entrevista. / Foto: Cerne

- Parece que imos deixando atrás o tempo da pandemia, nótase nas vendas?

- Ramón Vidal: Coa saída do confinamento a cousa comezou a recuperarse pero dende o mes de xaneiro a situación empezou a estancarse un pouco. Isto ten, principalmente, un motivo: a suba dos prezos en todo tipo de produtos. A xente cada vez ten menos poder adquisitivo por culpa desta subida e por iso decide gastar menos. A clientela ve que os gastos comúns como a luz, os combustibles, o gas ou os alimentos non deixan de subir polo que os cartos non dan para todo.

- Esta suba xeneralizada dos artigos afecta tamén ao teu xénero?

- (R.V): No meu si, de semana a semana sube. Hoxe pido un produto para que mo envíen a un prezo determinado, pois a próxima semana volvo pedir ese mesmo produto e xa me costa máis cartos. Está claro que ti non podes repercutir esta subida todas as semanas na clientela porque non verían normal que cada tan pouco tempo lle cobres prezos diferentes pero a nós si nos cambian o prezo. De feito, dinnos os provedores que isto vai seguir subindo e non hai maneira de frealo.

- E coméntanche cando poden estabilizarse ou baixar os prezos?

- (R.V): De momento é unha situación moi incerta e non saben cando vai rematar. Unha das cousas que máis subiu e nos afecta directamente é o papel que está, actualmente, polas nubes. Despois os economistas tampouco son moi optimistas porque xa están falando de que logo do verán a situación se vai complicar. No meu caso teño sorte porque consigo manter as vendas e estou bastante estable nese aspecto pero isto non significa que a inflación nos afecta a todos.

- A volta ao cole xa está preto, imaxino que esta será unha das mellores épocas do ano en canto a vendas.

- (R.V): Si, setembro é sempre un mes bo grazas á volta ao cole, é como para os bares o San Roque. Especialmente, despois do 15 de agosto é cando empeza a época forte porque a clientela xa ve máis cerca o regreso ás aulas e comeza a preparar todo. Non obstante, nós xa estamos recollendo as reservas dos libros que nos van chegando para ter todo listo canto antes. Polo que os pais e nais xa poden encargar os libros, non teñen porque esperar máis tempo. Setembro nas librerías é un empuxón ou extra con respecto ao resto do ano, a temporada máis tranquila é sen dúbida o verán.

- A clientela segue preferindo mercar os libros nas tendas físicas?

- (R.V): No meu caso teño a sorte de ter uns clientes moi fieis. Son persoas que viñeron sempre, hai familias que xa mercaban aquí os avós e agora os pais xa traen aos nenos. A clientela vai pasando de xeración en xeración a costume de vir mercar a Librería Cousas.

- Os libros,as revistas e a prensa gozan dunha boa vida?

- (R.V): No sector das revistas teño unha ampla variedade, dende as típicas do corazón ata outras de temas moi específicos. A venda de revistas leva uns anos cunha tendencia de baixada, pero recalco que non é algo destes mes senón que vén de lonxe. Ás revistas afectoulles moito a irrupción de internet, polo que síguense vendendo as do corazón pero as especializadas non tanto. Agora unha persoa pode co teléfono consultar case calquera cousa que antes tiña que facelo nunha revista dese tema. Na actualidade o público que máis le e compra as revistas é o das persoas máis maiores, seguramente porque tamén son os que menos consultan en internet. Por exemplo, cando eu abrín a tenda hai vinte e catro anos as revistas era do que máis se vendía pero coa chegada de internet freouse a súa venda.

- E ao libro afectoulle a era dixital?

- (R.V): O libro eu sígoo vendendo, non noto unha baixada das vendas. De feito, cada semana recibimos novos libros e sempre se venden, non se quedan no estante moito tempo, a pesares de non ser exemplares baratos. No caso dos libros penso que non nos afecta a venda a través da rede porque nun libro que che costa uns vinte euros que diferenza pode haber de prezo final entre o que pagas nunha tenda en liña e nunha física, oitenta céntimos? Por esa mínima diferenza a clientela prefire vir aquí ver o libro e mercalo.

- E o mercado da prensa como está?

- (R.V): Tivo unha época de baixón pero recuperou e agora estase mantendo bastante estable. A maioría da xente quere ler en papel non en pantalla, gústalle pasar as páxinas e o tacto do papel. Normalmente traio bastantes exemplares e co paso do día véndense.

- Os domingos en Melide son boas xornadas de vendas?

- (R.V): Os domingos son días bos, para min a peor xornada son os sábados que si son moi frouxos. Os sábados son días de descanso para moita xente entón aproveitan e van á praia ou ás aldeas a descansar, polo que queda menos xente na vila para facer gasto. Non obstante, os domingos no meu caso son bos, de feito veñen persoas de concellos limítrofes a mercar e nótase. Na tenda xa che digo que a peor xornada de venda é sen dúbida o sábado porque está a cousa moi tranquila pero o domingo vaise vendo movimento e a xente aínda compra.

Librería Cousas
Avenida da Habana, 29
15800, Melide
Tlf: 981 50 57 75

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.

PRUEBE LO ÚLTIMO EN AYUDAS AUDITIVAS

Y DISFRUTE DE LA MÁXIMA CALIDAD Y DISCRECIÓN

Todo combinado en una sola pieza tecnológica

Conectividad con teléfonos inteligentes (iOS y Android) u otros dispositivos compatibles con Bluetooth®

Calidad sonora sin rival

Tecnología AirStream™ para ofrecer transmisión de máxima calidad desde cualquier televisor o sistema estéreo

Tecnología binaural Esta unión entre los dos audífonos le permitirá oír mejor en cualquier situación

Conexiones multifuncionales Bluetooth®

Instituto de la Sordera

AL MISMO PRECIO QUE EN EL AÑO 2021

SOLO durante este mes

Recargar y disfrutar

Las pilas ya son historia, la nueva tecnología del futuro es recargable

E-15-001359

Instituto de la Sordera

Ronda da Coruña, 34 • 15800 Melide. A Coruña

Tel.: 981 50 72 87 - 648 75 47 61

Instituto de la Sordera CENTRO AUDITIVO